

GOYA

AS OBRAS OBXECTO DE ESTUDIO para as ABAU

1. O quitasol.
2. A familia de Carlos IV.
3. O dous de Maio (A carga dos Mamelucos).
4. Os fusilamentos do 3 de Maio.
5. O Saturno devorando a seu fillo.

Contexto histórico

Coñecemos o s. XVIII coma o **século "da razón e das luces"**, un século marcado polo desenvolvemento intelectual e filosófico. É a centuria da Ilustración e do Despotismo Ilustrado. É a época das revolucións sociais en Europa e en América.

- Os Borbóns están a reinar en España. Introduciron, con Filipe V, o absolutismo na Coroa hispánica, e con Carlos III tamén se asumen os principios do **Despotismo Ilustrado**: incorporar algúns dos principios ilustrados, no ámbito económico ou educativo, sen tocar o absolutismo monárquico. Boa proba desta nova orientación, con Carlos III a educación foi considerada un servizo público, e xa, en época de Carlos IV, Godoy establecía o primeiro plan de estudos.
- Nuns territorios hispánicos inmersos no Antigo Réxime, os monarcas absolutos apóíanse nun grupo social, a **burguesía**, para levar a cabo os seus propó-

sitos e imporse sobre a nobreza. Mais é un momento de crise que vai coincidir, xa a principios do s. XIX, cos diferentes procesos de independencia nos territorios americanos.

- O **movemento ilustrado** tivo na península unha influencia práctica moi limitada, ficando reducido a unha minoría intelectual cunha influencia política reducida fronte aos estamentos privilexiados, nobreza e clero.
- A **Revolución francesa** vai condicionar toda a fin de século e a entrada no s. XIX. A expansión napoleónica expandirá as ideas revolucionarias por Europa, incluídos os territorios hispánicos. A Guerra de Independencia, as Cortes de Cádiz son o primeiro paso na conversión de España nun réxime liberal, aínda que non o veremos até ben avanzado o século.
- A volta ao **absolutismo**, con Fernando VII, vai supor o exilio de Goya, morrendo finalmente en Francia.
- Goya foi testemuña e reflectiu na súa pintura todos os profundos cambios políticos, sociais e culturais que tiveron lugar na España do momento, co transfondo da crise do Antigo Réxime e o xurdimento do réxime liberal.

Contexto artístico

Desde o punto visto artístico, na época en que Goya vive e pinta estíbbase a produción da transición **da arte barroca ao Neoclasicismo**, pasando polo Rococó.

- Un entorno artístico caracterizado por unha **grande diversidade de correntes e estilos** que influencian a obra do pintor aragonés. Desde o tardobarroco e o rococó até o neoclasicismo e o primeiro romanticismo, Goya experimentou cos diferentes estilos artísticos sen se adherir completamente a nin-

gún deles. A súa formación pictórica inicial mostra as influencias tardobarrocas e rococó, mais a súa viaxe a Italia permitiulle coñecer de primeira man o clasicismo e o neoclasicismo emerxente.

- A pesar de estas influencias, Goya optou por seguir o seu propio camiño estético, cunhas obras imbuídas da súa personalidade e rachando co convencional.
- Existiu unha dobre tendencia no ámbito artístico: unha de carácter popular, que se mantiña no Barroco; fronte a outra, totalmente afrancesada, promovida desde a Coroa e o seu círculo próximo. Así, na península destacan algúns pintores estranxeiros (Lucas Jordán, Tiépolo ou Mengs), contratados polos monarcas para a decoración dos palacios reais.

1. O quitasol

<https://www.museodelprado.es/coleccion/obra-de-arte/el-quitasol/a230a80f-a899-4535-9e90-ad883bd096c5?searchMeta=quitasol>

FICHA TÉCNICA

- **OBRA- TÍTULO:** O Quitasol.
- **AUTOR:** FRANCISCO DE GOYA E LUCIENTES 1746-1828
- **LOCALIZACIÓN:** Museo do Prado. Madrid.
- **COMITENTE:** Real Fabrica de tapices
- **TEMÁTICA/Función:** Costumista; temática de *Majos*.
Aparecen 2 figuras: unha moza vestida á francesa e un criado (acompañante das mulleres casadas de elevada clase social).
- **ESTILO:** Transición Rococó - Neoclásico.
- **CRONOLOXÍA:** 1777-78 3º cuarto s .XVIII.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** Cartón para facer tapiz; despois óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** é un cartón para a R. FÁBRICA DE TAPICES DE SANTA BÁRBARA, da serie do comedor do infante Carlos; Goya acadou fama nos primeiros anos da súa estada na Corte, e se lle abren as portas para traballos posteriores. A obra observa á sociedade aristocrática e plasma o que ve. Resultado: pinturas costumistas da sociedade de finais do S. XVIII.
- **DIMENSIONES:** 104 x 152 cms.
- **OUTRAS OBRAS:** *A Familia de Carlos IV; O 2 de maio de 1808 en Madrid, Os Fusilamentos do 3 de Maio; A leiteira de Burdeos; etc.*

O AUTOR

Goya (1746-1828), pintor do XVIII, aínda que obras máis importantes de principios do XIX.

- Visita Italia para se formar (1752)
- 1771: pinta frescos da basílica do Pilar (Zgz).
- 1774: introdúcese na corte grazas ao pintor Francisco Bayeu, do que será xerno, e quen fora pintor da corte con Carlos III.
- 1774-1791: elaboración dos **cartóns**, pinturas ao óleo modelo para os tapices da Real Fábrica de Tapices, cos que se decoraban os palacios reais.

Goya progresou na Corte:

- 1776 pintor do rei.
- 1779 pintor de Cámara de Carlos IV.
- 1792: doenza que o deixa xordo.
 - Isto máis a RF din que inflúe na **visión crítica e pesimista da realidade**.
- Obras:
 - Os **Caprichos**: serie de oitenta gravados, dura sátira á ignorancia e escurantismo.
 - Pintor de Cámara. **Familia de Carlos IV**: influencia Velázquez.
 - Retratista: principais figuras da época, políticos, nobreza e ilustrados, ademais de amigos e familiares.
- Fonda influencia da Guerra de Independencia:
 - Denuncia a irracionalidade e a barbarie
 - Denuncia da ocupación (2 de maio, ou Os fusilamentos do 3 de maio)
 - Gravados: **Os desastres da guerra**.
- Volta ao absolutismo, agrava angustia e pesimismo:
 - Gravados: **Disparates, Proverbios, Pinturas negras**

- Pintadas como frescos (Quinta do Xordo), foron trasladadas ao lenzo e considéranse precursoras do expresionismo.
- Exilio a Francia tras o Trienio Liberal. Bordeos
 - Entusiasmo pola litografía.
 - Pequeno óleo, *Leiteira de Bordeos*.

Pintura dificilmente clasificable nun estilo ou corrente concreta.

- Temas moi diversos.
- Técnicas moi diferentes.
- Precursor expresionismo ou surrealismo, ademais de participar nos principios do Romanticismo.

OS CARTÓNS

- Formato condicionado polas estancias a decorar (adaptar escenas ás paredes).
- **Debuxo preciso** para ser trasladado ao tapiz (fixérono con dificultade).
- **Cores** adoitaban ser **luminosas**.
- Primeiro pintou baixo a supervisión de Bayeu, logo liberdade.
- +1790, despois de ser pintor da familia real, volveu pintar cartóns para os despachos reais (contra os seus desexos):
 - *O monicreque; A voda*.
- Temas:
 - **Motivos costumistas, populares e pintorescos.**
 - *Majos e majas*.
 - Temas a gusto da nobreza: imaxe castiza e folclorista dunha sociedade que descoñecían.

- Xa temas comúns na pintura flamenga e neerlandesa (s. XVIII), que ten éxito grazas ao apoio da monarquía española
- **Goya introduce crítica social:**
 - *O obreiro valenciano; O albanel ferido.*

Análise

- Obra de 1777.
- Encargada para decorar comedor do príncipe, futuro Carlos IV e María Luísa no Palacio do Pardo.
- Posible inspiración en obra mitolóxica (Vertumno e Pomona), mais el aplícao a un tema popular.
- É unha **escena costumista**:
 - Un mozo quita sol cunha antuca de cor verde; no mandil branco da moza aníñase un canciño negro cunha cinta vermella.
 - Dama sorri directamente ao espectador, mentres sostén abano.
 - Majo detrás, que atenúa luz co parasol, que dá nome ao cadro.
 - Canciño: acentúa pintoresco da imaxe.
 - Fondo: paisaxe vaporosa nas cores e parede lateral.
 - Influencia da moda galante francesa
- É un canto á mocidade. Os sorrisos das figuras acentúan a **alegría** da escena.
- Interese pola **luz**:
 - O quitasol sombrea diferentes zonas; a luz solar intensa resalta as cores onde incide. Os **tons cálidos** (amarelo da saia) alegran á composición, reforzada coas expresións das figuras.
 - A pincelada solta apréciase no canciño.
- **Cores luminosas**:
 - Predominan tons pastel do ROCOCÓ; destacan:

- O amarelo e azul da moza.
- O secundario verde do parasol.
- Os máis apagados da zona matizada polo quitasol: ocre do *majo*, os tons verdosos do pescozo da moza.
- **COMPOSICIÓN:**
 - *Perspectiva inferior*: cartón pensado para decorar zona elevada.
 - **Esquema piramidal** das figuras en 1º plano, pechadas pola parede e a árbore.
 - **Eixo de simetría** coa parella no centro (en especial o mozo).
 - A ollada da moza centra a nosa mirada.
 - *Estruturas diagonais*: árbore, contrarrestada pola parede.
 - Diagonais do muro e mango do parasol, e mirada do *majo* converxen na cara da moza.
 - Non hai moita profundidade.
 - Paisaxe de fondo, áxil pincelada.
- Polo CONTEXTO do autor, é una obra da 1ª etapa, de optimismo coa ILUSTRACIÓN. O medo á RF traerán a involución e o pesimismo que aumenta coa XORDEIRA.

A 1ª ETAPA ata 1792, pola xordeira é dos cartóns para a Real Fábrica de Tapices de Santa Bárbara, de temas populares, festivos, alegres: *A vendima*, *A pradería de San Isidro*, etc.

Hai influencia ROCOCÓ e NEOCLÁSICA: debuxo, ordenación xeométrica, tons pastel.

- SIGNIFICADO:

- Tema costumista e campestre.
- Alegórico? (Vaidade feminina)
- Influencia escenas galantes do rococó, con maior naturalismo.

2. A familia de Carlos IV

<https://www.museodelprado.es/coleccion/obra-de-arte/la-familia-de-carlos-iv/f47898fc-aa1c-48f6-a779-71759e417e74?searchMeta=familia>

Ficha técnica

OBRA- TÍTULO: A FAMILIA DE CARLOS IV.

LOCALIZACIÓN: Museo do Prado. Madrid.

AUTOR: Goya.

COMITENTE: a Casa Real; o rei.

TEMÁTICA/Función: Retrato de familia Real.

ESTILO: Neoclásico

CRONOLOXÍA: 1800 - 1801; s. XIX.

MATERIAIS/TÉCNICA: óleo sobre lenzo.

CARACTERÍZASE: Goya, ao igual que Velázquez inclúese dentro do cadro; realiza bocetos previos. O cadro produce agobio, apenas hai espazo, sen punto de fuga. Non hai naturalidade de instantánea das Meninas; a pose é fría e calculada. Composición de friso, NEOCLÁSICA, coa Raíña no centro, despraza ao Rei do lugar de privilexio.

DIMENSIÓNS: 280 cm x 336 cms.

OUTRAS OBRAS: *O Quitasol; O 2 de maio de 1808 en Madrid”, Os Fusilamentos do 3 de Maio ; Saturno devorando aos sus fillos; A leiteira de Burdeos; etc.*

O autor

Xunto á actividade como CARTONISTA, GOYA realiza retratos para a nobreza madrileña: *A Condesa de Chinchón*, *A Familia do Duque de Osuna*, etc.

Adquire prestixio e en 1799 é nomeado 1º PINTOR DE CÁMARA.

Entra en coñecemento coa pinacoteca real.

Pouco despois bosquexos previos do verano do 1800 deste retrato da familia de Carlos IV (1800), no que traballará até a versión definitiva de 1801.

Sitúase en Aranjuez para facer os retratos individuais, acabará o cadro en Madrid.

Descrición

- Óleo sobre lenzo.
- Retrato de grupo, 14 personaxes, de pé e vestidos de gala.
- Retrato da familia real, con el ao fondo á esquerda, na penumbra.
 - De esquerda a dereita:
 - Infante Carlos María Isidro (fundador carlismo).
 - Príncipe de Asturias (Fdo VII).
 - Infanta María Xosefa, irmá do monarca.
 - Dama co rostro xirado.
 - Infanta María Sabela.
 - Raíña María Luísa de Parma (espazo central).
 - Infante Francisco de Paula, da man da súa nai.
 - Rei Carlos IV.
 - Infante Antonio Pascual.
 - Infanta Carlota Xoaquina (futura raíña en Portugal).
 - Luís de Borbón (rei de Etruria).

- A dona de Luís de Borbón, infanta María Luísa, co seu pequeno Carlos Luís nos brazos.
- Todos luxosamente vestidos.
 - Bandas de Carlos III os homes.
 - Xoias e banda da Orde das Damas Nobres as mulleres.
- Muller que non xira cabeza, prefiguración da futura Princesa de Asturias.
- Inevitable as referencias a Velázquez, mais moitas son as diferenzas.
 - Un ASPECTO DESTACABLE deste complexo cadro é o AUTORRETRATO do PINTOR traballando no gran lenzo ás costas da familia real, ladeado e en sombra, polo recordo indubidable das Meninas de VELÁZQUEZ.
- **COMPOSICIÓN:**
 - Personaxes en 1º plano, co fondo moi próximo.
 - Estilo de friso, neoclásica, personaxes dispostos de maneira simétrica a ambos os dous lados.
 - Grupos de parellas, agás pintor e bebé.
 - Fronte á SENSACIÓN de ESPAZO, de ATMOSFERA nas MENINAS, na FAMILIA DE CARLOS IV a SENSACIÓN é de AFOGO; falta espazo, ao carecer de punto de fuga e situar a todos os personaxes en ringleira e en plano único, roto pola posición adiantada dalgúns pés.
 - Non hai naturalidade de instantánea das Meninas; a pose é fría e calculada, aínda que certos acenos de informalidade.
 - Sensación xeral de inmovilidade.
 - Todos miran ao espectador.
 - Homenaxe de Goya a Velázquez.
 - Non lineais, xa que uns avanzados e outros atrasados.
 - Destaca presenza da raíña no centro do cadro (influencia)
 - Aínda que rei e príncipe diante.

- **Retrato psicológico?**

- Caricatura cruel? Simpleza rei. Difícil de soste.
- Mais aló do intento de adular, Goya non pode ocultar as súas simpatías polo Rei e os infantes e a súa antipatía pola Raíña e polo Príncipe de Asturias.

- **LUZ:**

- Lado esquerdo, iluminando grupo central.
- Fondo en penumbra.
- Figuras máis cálidas e fondo frío.

- **CORES:**

- Na paleta predomina a gama fría con preferencia de pratas e azuis.

- **DEBUXO** preciso, gran detallismo.

- O acabado non é moi académico, usa a técnica “pre-impresionista” dos últimos cartóns, de toque lixeiro e espontáneo

DIFERENZAS COAS MENINAS:

- Xogo de espellos.
- Busca de Velázquez de valorizar figura pintor.

ESTILO:

- Neoclásico, aínda que coa singularidade de Goya.
- Anticipa o Romanticismo, coa recuperación do cor e o compromiso do artista co seu tempo.

3. O dous de Maio. A carga dos Mamelucos

<https://www.museodelprado.es/coleccion/obra-de-arte/el-2-de-mayo-de-1808-en-madrid-o-la-lucha-con-los/57dacf2e-5d10-4ded-85aa-9ff6f741f6b1?search-Meta=mayo%20goya>

FICHA TÉCNICA

OBRA- TÍTULO: O 2 DE MAIO DE 1808 EN MADRID ou 'A CARGA DOS MAMELUCOS.

LOCALIZACIÓN: Museo do Prado. Madrid.

AUTOR: FRANCISCO DE GOYA E LUCIENTES (1746-1828)

COMITENTE: Consello de Rexencia.

TEMÁTICA/Función: patriótica/histórica (a Guerra de Independencia dos franceses).

Tema histórico que influirá no romanticismo. Goya representa o levantamento espontáneo do pobo de Madrid de 1808

ESTILO e Xénero: PINTURA PATRIÓTICA / HISTÓRICA DO ROMANTICISMO

CRONOLOXÍA: 1814; s. XIX.

MATERIAIS/TÉCNICA: óleo sobre lenzo.

CARACTERÍZASE: representa o levantamento contra o exército francés o 2 de maio de 1808, aínda que o cadro foi pintado en 1814.

DIMENSIÓNS: 268,5 cm x 347,5 cms.

OUTRAS OBRAS: *O Quitasol; A Familia de Carlos IV; Os Fusilamentos do 3 de Maio ; Saturno devorando aos sus fillos; A leiteira de Burdeos; etc.*

Descrición

- Escena de enfrontamento violento en espazo urbano.
 - Soldados a cabalo tenta frear ataques cidadáns, armados con armas brancas.
 - Mortos na rúa.
- Óleo sobre lenzo
- O *2 de maio de 1808* ou *A carga dos Mamelucos*.
 - Fai parella co *3 de Maio en Madrid*.

Contexto histórico

- Guerra de Independencia. É un TEMA HISTÓRICO, feito que influirá no romanticismo.
- Posicionamento complicado para Goya.
 - Contra o absolutismo e institucións do AR (Inquisición).
 - Contra a ocupación francesa e as consecuencias contra a poboación.
- Goya continuou como pintor de Cámara con Xosé Bonaparte, non sendo represaliado tras a fin da Guerra (1813)
- 1814: Consello da Rexencia encárgalle a realización dos 2 cadros a Goya, quen os realizou entre febreiro e maio.
 - "Perpetuar por medio do pincel as máis notables e heroicas accións da nosa gloriosa insurrección contra o tirano de Europa".

- Ofreceuse el? Facer esquecer a súa fama de ilustrado a través de cadros sobreo patriotismo.
 - Mais el vaille dar outro significado.
- Cadros: reflectir acontecementos acontecidos en Madrid contra os franceses.
 - Levantamento infrutuoso e reprimido, inicio simbólico da Guerra de Independencia.
 - Levantamento do pobo de Madrid contra as tropas francesas de Murat, (Os Mamelucos).
 - Execucións do día seguinte.
- Buscou ambientación concreta do cadro, puido ser unha xenérica.
- Menciónase que o desexo de independencia vaia unido a un elemento tradicional ou atávico: a loita contra os musulmáns ou " mouros" do mesmo xeito que durante a Reconquista.
- CONDENA DA IRRACIONALIDADE E VIOLENCIA DA GUERRA.
- **COMPOSICIÓN**
 - Gran dinamismo e axitación (escorzos): transmitir violencia intensa.
 - Diagonais, curvas, escorzos, grandes pinceladas:
 - Dinamismo, movemento: ritmo de acción e violencia.
 - Centro: mameluco xa morto, sobre anca de cabalo branco, que segue a ser acoitelado.
 - Dereita: Un cidadán fere con rabia irracional ao cabalo que non é inimigo de ninguén. Goya está a manifestar a irracionalidade da guerra.
 - Esquerda: cidadán ataca o pescozo doutro mameluco.
 - Cheo de soldados ao fondo, escena que marca o intento de fuxida, mesmo dos cabalos.
 - Olladas: cheos de rabia ou desorbitados, coma os cabalos. Grande violencia.
- **COR:**

- Moi relevante, fortes contrastes (pantalón vermello sobre cabalo branco).
- Notable expresividade:
 - Pinceladas áxiles, non centradas en detalles (antecedentes expresionismo).
 - Liberdade (cabeza verde do cabalo, efecto da sombra).
 - Distribución do vermello do sangue para resaltar a violencia.
- Relación Romanticismo: denuncia da guerra, por riba dos feitos concretos que representa.

4. Os fusilamentos do 3 de Maio

<https://www.museodelprado.es/coleccion/obra-de-arte/el-3-de-mayo-en-madrid-o-los-fusilamientos/5e177409-2993-4240-97fb-847a02c6496c?search-Meta=mayo%20goya>

FICHA TÉCNICA:

OBRA- TÍTULO: OS FUSILAMENTOS DO 3 DE MAIO (1814); ou O 3 DE MAIO DE 1808 EN MADRID OU OS FUSILAMENTOS NA MONTAÑA DO PRÍNCIPE PÍO.

LOCALIZACIÓN: Museo do Prado. Madrid.

AUTOR: Francisco de Goya e Lucientes (1746-1828)

COMITENTE: Consello de Rexencia.

TEMÁTICA/Función: patriótica/histórica; sobre a Guerra de Independencia dos franceses. A función do cadro é a denuncia da crueldade da guerra.

ESTILO e Xénero: Pintura patriótica/hca. do Romanticismo.

CRONOLOXÍA: 1814; s. XIX.

MATERIAIS / TÉCNICA: óleo sobre lenzo.

CARACTERÍZASE: o 2 de Maio de 1808 o pobo madrileño amotinouse contra as tropas francesas; ao amencer do 3 de maio os detidos na noite anterior foron fusilados no outeiro de Príncipe Pío, arredores de Madrid.

O cadro foi realizado en 1814 coa volta de Fernando VII, igual que a Carga dos mamelucos.

DIMENSIÓNS: 268,5 cm x 347,5 cms.

OUTRAS OBRAS: *O Quitasol; A Familia de Carlos IV; O 2 de maio; Saturno devorando os seus fillos; A leiteira de Bordeos; etc.*

ANÁLISE

- *Os fusilamentos da Moncloa, Os fusilamentos da Montaña de Príncipe Pío ou O 3 de maio en Madrid.*
- 1814, encargo do Consello de Rexencia.
- Goya non asistiu os fusilamentos, estivo alí despois de observou os cadáveres.
- É un dos 1ºs cadros de tema histórico co protagonismo do pobo; influiría no romanticismo.
- Grande EXPRESIVIDADE.
- **COMPOSICIÓN:**
 - Organízase a partir da iluminación dun farol colocado no chan que divide aos protagonistas en patriotas e pelotón de fusilamento.
 - 2 zonas ben marcadas:
 - Os executados (esquerda).
 - Executores (dereita).
 - Farol que dirixe luz sobre as vítimas.
 - Multitude cara á execución (salienta 1 home tapando a cara coas mans).
 - Fondo: silueta cidade.
 - Pelotón de fusilamento, de costas ao espectador.
 - Marcial, xesto idéntico.
 - Pretende Goya liberalos de identidade? Soldados anónimos, guerra coma inhumana.

- Pés: triángulos, marcando estatismo, cos fusís rectos.
- Condenados:
 - Posicións moi diversas,
 - Charcos de sangue
 - Luz sobre camisa branca e pantalón amarelo.
 - Varias persoas destacadas, individualizadas e moi expresivas:
 - Á nosa dereita un patriota tápase a cara arrepiado, distínguese outro que leva as mans á boca.
 - No centro un patriota abrindo os brazos en sinal de aceptación do seu final, lembra a súa composición a Cristo e até ten un oco, un estigma, na súa man; o cura ou frade reza. Entre os dous, un patriota mirando ao ceo.
 - Á esquerda, outra persoa xa axustizada reproducindo a postura cos brazos abertos o esquema da figura central.
 - Momento de forte tensión, cando os soldados van disparar: terror, protesta, desesperación.
- **LUZ:**
 - Escena nocturna.
 - Parece vir do farol: incide no centro no patriota de camisa branca e pantalón amarelo; a penumbra asolaga a cidade indiferente aos feitos.
 - Enfatiza dramatismo (coma no teatro).
- **CORES:**
 - Maioritariamente apagadas (ocres, marróns e gris).
 - Gama de cor verde.
 - Excepción: personaxe central (branco) e o vermello do sangue.
 - Pinceladas áxiles e breves: enfatizar dramatismo (expresionismo).
 - Gran expresividade nos patriotas.

- Expresións deformadas e contrastes cromáticos (precedentes expresionismo).

Obra de Goya evolucionou para visión máis pesimista, crítica, escura e violenta.

Protagonismo: personaxes anónimas, vítimas dunha atrocidade.

Supera acontecementos concretos: obra de valor universal sobre a crueldade da guerra. Denuncia do irracionalismo e da violencia.

Influencia: Manet, Picasso.

5. O Saturno devorando a seu fillo

<https://www.museodelprado.es/coleccion/obra-de-arte/saturno/18110a75-b0e7-430c-bc73-2a4d55893bd6?searchMeta=saturno%20goya>

FICHA TÉCNICA

OBRA- TÍTULO: SATURNO DEVORANDO A SEU FILLO.

LOCALIZACIÓN: Museo do Prado. Madrid.

AUTOR: FRANCISCO DE GOYA E LUCIENTES 1746-1828

TEMÁTICA/Función: temática mitolóxica e alegórica.

A figura era o emblema alegórico do paso do tempo; Cronos comía os fillos nados de Rea a súa muller, por temor a ser destronado por un deles.

ESTILO e XÉNERO: Romanticismo / Pinturas negras; xénero mitolóxico.

A obra pode considerarse un claro precedente do expresionismo do S. XX, polo seu asunto, como pola súa técnica.

CRONOLOXÍA: 1820-23; s. XIX.

MATERIAIS/TÉCNICA: óleo sobre lenzo.

CARACTERÍZASE: A pintura tivo orixinalmente como soporte a parede (pinturas negras); a finais do s. XIX sería trasladada ao óleo.

DIMENSIÓNS: 146 X 83 cm.

OUTRAS OBRAS: *O Quitasol; A Familia de Carlos IV; Os Fusilamentos do 3 de Maio; A leiteira de Bordeos*, etc.

O autor

- Estamos na ETAPA DAS PINTURAS NEGRAS tras o regreso do absolutismo de Fernando VII. Goya, canso e decepcionado, compra unha casa xunto ao Manzanares "A QUINTA DO XORDO".
- Morta a súa muller e case todos os seus fillos (tivo 8 e viviu só o último) viviu acompañado por Leocadia Zorrilla e a súa filla Rosarito.
- Acabará autoexiliándose morrendo en Bordeos en 1828.

Análise

Pintura protagonizada por un ser monstruoso, sobre fondo negro, que ocupa a maior parte do cadro.

Devora un corpo humano, ao que suxeita pola cintura, sen cabeza e brazo dereito.

- Unha das **pinturas negras**.
- Óleo sobre muro da quinta do Xordo (1820-1823)
- Foron trasladadas a lenzo (1874) e levadas ao Museo do Prado.
- **Pinturas negras:**
 - Programa iconográfico de difícil interpretación. Non se sabe se identidade común.
 - Recibe o nome:

- Tanto pola cor que vai do branco ao negro e castaños, dourados verdosos e algunha nota vermella, como pola significación pesimista, sombría da súa visión do mundo.
- Ánimo pesimista de Goya.
 - Desencanto vital.
 - Agudización xordeira
- Pincelada moi solta sobre os muros.
- Tamén *Duelo a mocazos, O aquelarre*.

Situado na planta baixa da Quinta do Xordo.

- TEMA: Referencia mitolóxica e alegórica.
 - Historia de Saturno: relato mitolóxico grego romano.
 - A figura de Khronos / Saturno era o, pois Cronos comía aos fillos nados de Rea, a súa muller, por temor a ser destronado por un deles.
 - Saturno (en ROMA) ou Khronos (en GRECIA), deus do tempo, quen derrotara e destronado ao seu pai Urano (deus do ceo), temía ser destronado por un dos seus fillos.
 - Emblema alegórico do paso do tempo
 - Aproveita relato pola violencia, emocións e crueldade.
 - Morto non é un cativo, é un mozo.
- COR:
 - Predomina a cor sobre o debuxo; apréciase unha gama de brancos e negros rota polo ocre das carne e o branco e o vermello da carne viva do fillo.
- PINCELADA:
 - Rápida enérxica, a base de manchas con moita pasta.
 - Moi solta, corpo simplificado (sobre todo as pernas, sen remate). Esbozado.

- As imaxes, simplificadas ao máximo, execútanse con liberdade aplicando manchas de cor pura, anticipación do EXPRESIONISMO E DO SURREALISMO.

Dramatismo acentuado pola ILUMINACIÓN:

- Moi limitada, concentrada na escena principal.
- Espectro cromático limitado.

SIGNIFICADO:

- Cronos: o paso do tempo.
 - O horror, a destrución. Goya devorado polo tempo en que vive.
- Posible contido erótico (sería unha muller, unha moza).
- Política: Fernando VII devorando o pobo (Década Ominosa).

Tamén desenvolve os DISPARATES, gravados conectados coas pinturas negras con escenas costumistas de visión pesimista.